EXERCICIOS DE APOIO UNIDADE 5. 5ª QUINCENA

Completa as seguintes frases:

1. Durante o último terzo do século XIX e as primeiras décadas do XX, a maioría da poboación galega continúa concentrándose no _____ pero ao mesmo tempo pode apreciarse unha _____ pero progresiva _____.

2. O fenómeno máis importante da demografía galega contemporánea é a _____.

3. O fin das _____ de gando vacún a _____ vaise ver compensada pola apertura do mercado _____.

4. Os cambios no réxime da _____ e as melloras _____ son, sen dúbida, os rascos definidores da agricultura desta etapa.

5. Ao mesmo tempo que se produce a redención dos _____, acelérase outro proceso _____ da terra que é o reparto dos _____.

6. Intensifícase o capital invertido nas explotacións e isto reflíctese na incorporación de _____ como a _____ e os abonos _____.

7. Nos primeiros anos do século XX _____ pasa a ser o primeiro centro conserveiro peninsular.

8. A implantación do _____ en Galicia supón un pulo definitivo para a industria _____ e para a comercialización de _____.

9. A principios do século XX comeza o desenvolvemento en Galicia do sector _____a través da creación de empresas, normalmente de capital_____, como “Sociedad General Gallega de Electricidad”.

10. Nos últimos anos do século XIX tamén se desenvolve en Galicia o sistema_____, multiplicándose as entidades de ámbito local ou comarcal ao amparo do _____e dos cartos dos_____.

11. O primeiro e máis importante banco galego da época é o _____.

12. Neste momento histórico a maior parte dos galegos son _____ aínda que non todos os que viven no campo se dedican a tarefas agrícolas

senón tamén na construción de túneles ou vías de _____, na extracción de _____ nas minas, etc.

13. Os grandes cambios na sociedade están determinados pola desaparición da _____ como grupo social, polo auxe da _____, pola aparición do campesiño _____ e dun _____ cada vez máis definido.

14. Os campesiños galegos adquiren a _____ da terra, convértense en _____ e deixan de depender dun _____ receptor de _____.

15. O proletariado galego está localizado fundamentalmente na zona das _____ e de _____.

16. Podemos dicir que o ensino non se seculariza ata chegar a _____, momento no que o número de escolas, _____ e _____, e de mestres increméntanse como nunca o fixeran ata entón.

17. O ensino primario público tiña por obxectivo a aprendizaxe do _____, _____ e _____ en castelán e as catro regras elementais do _____.

18. Hai cada vez maior empeño en defender a lingua e a cultura galega e, con este fin, se legaliza en 1906 a "_____" que ten a _____ como primeiro presidente e que logra manterse ata a actualidade a pesar dos moitos problemas aos que tivo que enfrontarse.

Solucións:

1. Durante o último terzo do século XIX e as primeiras décadas do XX, a maioría da poboación galega continúa concentrándose no MEDIO RURAL pero ao mesmo tempo pode apreciarse unha LENTA pero progresiva URBANIZACIÓN.

2- O fenómeno máis importante da demografía galega contemporánea é a EMIGRACIÓN.

3. O fin das EXPORTACIÓNS de gando vacún a INGLATERRA vaise ver compensada pola apertura do mercado INTERIOR.

4. Os cambios no réxime da PROPIEDADE e as melloras TÉCNICAS son, sen dúbida, os rascos definidores da agricultura desta etapa.

5. Ao mesmo tempo que se produce a redención dos FOROS, acelérase outro proceso PRIVATIZADOR da terra que é o reparto dos MONTES COMUNAIS.

6. Intensifícase o capital invertido nas explotacións e isto reflíctese na incorporación de INNOVACIÓNS TÉCNICAS como a MOTORIZACIÓN e os abonos QUÍMICOS.

7. Nos primeiros anos do século XX, VIGO pasa a ser o primeiro centro conserveiro peninsular.

8. A implantación do FERROCARRIL en Galicia supón un pulo definitivo para a industria CONSERVEIRA e para a comercialización de GANDO VACÚN.

9. A principios do século XX comeza o desenvolvemento en Galicia do sector ELÉCTRICO a través da creación de empresas, normalmente de capital FORÁNEO, como "Sociedad General Gallega de Electricidad".

10. Nos últimos anos do século XIX tamén se desenvolve en Galicia o sistema FINANCIEIRO, multiplicándose as entidades de ámbito local ou comarcal ao amparo do COMERCIO DO GANDO e dos cartos dos EMIGRANTES.

11. O primeiro e máis importante banco galego da época é o BANCO PASTOR.

12. Neste momento histórico a maior parte dos galegos son CAMPESIÑOS aínda que non todos os que viven no campo se dedican a tarefas agrícolas senón tamén na construción de túneles ou vías de FERROCARRIL, na extracción de MINERAL nas minas, etc.

13. Os grandes cambios na sociedade están determinados pola desaparición da FIDALGUÍA como grupo social, polo auxe da BURGUESÍA, pola aparición do campesiño PROPIETARIO e dun PROLETARIADO cada vez máis definido.

14. Os campesiños galegos adquiren a PROPIEDADE da terra, convértense en PROPIETARIOS e deixan de depender dun SEÑOR receptor de RENDAS.

15. O proletariado galego está localizado fundamentalmente na zona das RÍAS BAIXAS e de A CORUÑA.

16. Podemos dicir que o ensino non se seculariza ata chegar á II REPÚBLICA, momento no que o número de escolas, PÚBLICAS e LAICAS, e de mestres increméntanse como nunca o fixeran ata entón.

17. O ensino primario público tiña por obxectivo a aprendizaxe do CATECISMO, LER e ESCRIBIR en castelán e as catro regras elementais do CÁLCULO.

18. Hai cada vez maior empeño en defender a lingua e a cultura galega e, con este fin, se legaliza en 1906 a "REAL ACADEMIA GALLEGA" que ten a MURGUÍA como primeiro presidente e que logra manterse ata a actualidade a pesar dos moitos problemas aos que tivo que enfrontarse.